


Pontevedra

Hoxe Mañá

min 11 máx 23

min 11 máx 21

Maré



ARQUIVAR TORMENTAS

Desde o 7 de abril ao 13 de xuño

HOXE

- Última Hora
- Vivir Hoxe Galicia
- Vivir Hoxe Aulas
- Vivir Hoxe Sociedade
- Política Galicia
- Política España
- Política Mundo
- Economía
- Deportes
- Maré
- Comunicación
- A Contra

MEMORIA COLECTIVA

O arquivo da experiencia

O Ministerio de Industria comeza unha campaña para recoller as vivencias persoais dos maiores de 55 anos, dixitalizalas e clasificalas en internet

A. L. . SANTIAGO

Internet, a máis potente ferramenta de comunicación inventada polo home, non ten porque poñer en perigo os métodos máis tradicionais e, de feito, pode servir para perpetualos. Iso é o que pretende o Arquivo da Experiencia, deseñado polo Ministerio de Industria a través da iniciativa pública Red.es, para recoller e dixitalizar testemuños de persoas de máis de 55 anos sobre a súa propia vida. É dicir, trátase de levar a internet as historias dos avós.

A primeira cidade na que se comezará a recoller estes testemuños será A Coruña, tal e como explicaron onte a concelleira de Servizos Sociais, Silvia Longueira (PSOE) e o responsable do proxecto, Carlos Pintos. Entre o 22 de outubro e o 22 de novembro, instalaranse varios equipos de gravación nos centros cívicos de Monte Alto, Labañou, os Mallos e San Diego, os que poderán acudir todas aqueles maiores que desexen contar a súa historia, sen ningún tipo de limitación temática.



CANLES

- [Canle Vivenda](#)
- [Cultura](#)
- [Deputación da Coruña](#)
- [Medio Ambiente](#)
- [Medio Rural](#)
- [Noticiero Dixital](#)
- [Turismo](#)
- [Vicepresidencia](#)

Foro galego do emprendemento

Á caza dos maiores investidores mundiais

Galicia busca ser unha locomotora no I+D+i de Europa

O medo ó fracaso lastra os nosos emprendedores



Integrar os maiores na sociedade da información

Carlos Pintos explica que o Arquivo da Experiencia ten dous obxectivos básicos. O primeiro é "integrar os maiores na sociedade da información, demostrándolles que os seus coñecementos e experiencias, que son parte da Historia de España, teñen interese". Nun principio, todos os testemuños serán dixitalizados e incluídos na páxina do proxecto (www.archivodelaexperiencia.es), aínda que "haberá unha selección para eliminar os que teñan problemas de comprensión ou conteñan palabras malsonantes", explica Pintos.

Tamén se lles pedirá os que participen na iniciativa que acheguen obxectos que reforcen o seu testemuño, como fotografías, insignias, billetes de transporte, ... Estes recordos tamén serán dixitalizados e incluídos na páxina web.

Recompilacións temáticas para empregar no ensino

De aí pásase ó segundo obxectivo, catalogar todos eses testemuños e obxectos para crear "unidades educativas", pezas de vídeo que recollerán as lembranzas de varias persoas sobre un mesmo tema e están especialmente pensadas para que os mestres de primaria e secundaria as empreguen nas súas clases, aínda que calquera poderá consultalas.

Por exemplo, poden recompilarse todos os testemuños que falen sobre a experiencia da emigración e todos os obxectos achegados para reforzalos, e facer unha pequena selección dos máis interesantes, para que o mestre de Xeografía poida ilustrar con casos persoais o árido tema de movementos de poboación que inclúe o libro de texto.

Todos os maiores de 55 anos de idade que desexen participar na experiencia poderán concertar unha cita nos propios centros cívicos nos que se recolleran os testemuños ou a través do teléfono de información municipal 010.

Un documentalista e unha cámara entrevistarán a persoa que desexe contar a súa experiencia e rexistrarán tamén os documentos ou obxectos que se acheguen neste encontro, que durará ao redor de 25 minutos e poderase realizar en horario de mañá ou de tarde.

Tal e como destacou a concelleira de Servizos sociais, Silvia Longueira, trátase de recoller opinións cidadás, non políticas.